

Ref.: \CONVENIO\CARRACED

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

- 1º) Que o 5 de febreiro de 1979, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "CARRACEDO E RIOSECO", pertencente á comunidade integrada polos veciños dos barrios de Franco, Currás, Pedredo e Lugilde, parroquia de Bretoña, municipio de Pastoriza. Publicado dito Acordo no Boletín Oficial da Provincia nº 125, do sábado 2 de xuño do mesmo ano, non se presentou nin interpuxo recurso algún contra el, polo que é firme.
- 2º) Que o día 20 do mes en curso, a Xunta Rectora da citada comunidade, conforme co acordado por esta en sesión celebrada o 24 do pasado mes de setembro, acordou á súa vez:
 - aproba-las bases dun convenio a subscribir coa Consellería de Medio Ambiente, que afectase ás 69 hectáreas do monte en man común da súa pertenza, actualmente incluídas no "CARRACEDO E RIOSECO", LU-3056, consorciado polo Concello de Pastoriza co Patrimonio Forestal do Estado,
 - solicitar da Consellería que o convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse ó consorcio do monte "CARRACEDO E RIOSECO", e
 - autorizar ó seu Presidente para a sinatura do convenio.
- 3º) Que o convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do consorcio, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.
- 4º) Que en consecuencia, o novo monte "CARRACEDO E RIOSECO" queda constituído por:
 - * 69 Ha. do monte "Carracedo e Rioseco", LU-3056
- 5º) Que as superficies do monte "CARRACEDO E RIOSECO", LU-3056, eran:

superficie total.....	178 has.
superficie repoboada.....	178 has.

Como ó monte "COTA DAS LOUSEIRAS DE XEMIL", 2715537, pasaron:

superficie total.....	109 has.
superficie repoboada.....	109 has.

as actuais son:

superficie total.....	69 has.
superficie repoboada.....	69 has.

Ó novo monte "CARRACEDO E RIOSECO" pasan a totalidade, é decir:

superficie total..... 69 has.
superficie repoboadada..... 69 has.

6º) Que os gastos por traballos e ingresos do monte "CARRACEDO E RIOSECO", LU-3056:

a) Gastos por traballos

ó 31/12/97..... 1.753.421.-ptas.
pasados m/"COTO DAS LOUSEIRAS DE XEMIL"..... 865.591.-ptas.
saldo actual..... 887.830.-ptas.
ó 31/12/97, ano no que se clasificou como en
man común o monte de Franco, Currás, Pedredo
e Lugilde..... 1.024.778.-ptas.

A ter en conta conforme á Disposición Adicional Segunda da Lei
13/1989, do 10 de outubro:

69/69 x 887.830.-ptas. - 69/178 x 1.753.421.-ptas. = 208.133.-ptas.

b) Ingresos

ó 31/12/97..... 536.290.-ptas.
pasados m/"COTO DAS LOUSEIRAS DE XEMIL"..... 196.463.-ptas.
saldo actual..... 339.827.-ptas.

7º) Que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do consorcio do monte "CARRACEDO E RIOSECO", LU-3056, pasan á do novo monte "CARRACEDO E RIOSECO", son:

a) Gastos

traballos..... 208.133.-ptas.
administración: 7,85/100 x 208.133.-ptas.... 16.338.-ptas.
gardería: 69 Ha x 895.-ptas/Ha..... 61.755.-ptas.
TOTAL GASTOS..... 286.226.-PTAS.

b) Ingresos

69/69 Ha. x 339.827.-ptas..... 339.827.-ptas.
TOTAL INGRESOS..... 339.827.-PTAS.

8º) Que como os ingresos son superiores ós gastos, a conta do convenio do monte "CARRACEDO E RIOSECO", abrírase cun saldo de **cero pesetas**.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "CARRACEDO E RIOSECO"

Elenco: 2715894

Superficie: 69 hectáreas

Pertenza: Comunidade de Franco, Currás, Pedredo e Lugilde

Término municipal: PASTORIZA

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%


Participación da propiedade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

- 2.- Que a conta do Convenio do monte "CARRACEDO E RIOSECO", 2715894, se abra cun saldo de **cero pesetas**, sen prexuízo dos gastos e ingresos que poideran ter as contas do consorcio do monte "CARRACEDO E RIOSECO", LU-3056, con posterioridade á data do seu peche.
- 3.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:
Nome: "CARRACEDO E RIOSECO"
Elenco: LU-3056
Superficie: 69 has.
Pertenza: Parroquia de Bretoña (excepto barrio de Xemil)
Término municipal: PASTORIZA

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 1998

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS



Asdo.- Plácido Baamonde López

Vº E PRACE
O DIRECTOR XERAL DE MONTES E M.A.N.




Asdo. Tomás Fernández-Couto Juanas

ILMO. SR. SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de transformación do consorcio LU-3056 do monte Carracedo e Rioseco, que se cancela, nun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade veciñal de Franco, Currás, Pedredo e Lugilde, propietarias do devandito Monte Veciñal en Man Común "CARRACEDO E RIOSECO", integrado por 69 Has. e situado no Concello de Pastoriza, e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a modificación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago, 13 de xaneiro de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

RESOLVO

- 1.- Aproba-lo Convenio das seguintes características:
Nome do monte: "CARRACEDO E RIOSECO"
Elenco: 2715894
Superficie: 69 hectáreas
Pertenza: Comunidade de Franco, Currás, Pedredo e Lugilde
Termo municipal: PASTORIZA
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da propiedade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
- 2.- A conta do Convenio do monte "CARRACEDO E RIOSECO", 2715894, abrírase cun saldo de **cero pesetas**, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do consorcio do monte "CARRACEDO E RIOSECO", LU-3056, con posterioridade á data do seu peche.
- 3.- Cancela-lo consorcio do monte das seguintes características:
Nome: "CARRACEDO E RIOSECO"
Elenco: LU-3056
Superficie: 69 has.
Pertenza: Parroquia de Bretoña (excepto barrio de Xemil)
Término municipal: PASTORIZA

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 1998

O CONSELLEIRO,
P.D. (Orde do 12/01/98)
O SECRETARIO XERAL



Asno.: José Luis Aboal García-Tuñón

C O N V E N I O

N.º	271	5894
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ**, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **JOSE CASALLA CABODEVILA** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"CARRACHO E RIOSIECO"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **25 de Novembro de 1.955** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Frasco, Currás, Pedredo e Lardide, parroquia de Bretoña, termo municipal de Pastoriza**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"CARRACHO E RIOSIECO".**

Termo municipal: **Pastoriza**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal Monte en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Franco, Currás, Pedredo e Luxilde, parroquia de Bretoña, térmo municipal de Pastoriza.

Límites:

N.: Térmo municipal de Mondoñedo;

S.: Térmo municipal de Mondoñedo e estrada de Mondoñedo a Bretoña;

IS.: Maís monte da Comunidade de Bretoña e

O.: Monte "COTO DAS LOUSEIRAS DE XEMIL", 2715537.

Superficie: 69 (SESENTA E NOVE) Hás.

Estado forestal: 69 (SESENTA E NOVE) Hás. repoboadas.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 69 (SESENTA E NOVE) Hás.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: - - -

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Franco, Currás, Pedredo e Luxilde, parroquia de Bretoña, térmo municipal de Pastoriza

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 69 Hás. de monte "CARRACEDO Y RIOSCO", LU-3056.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será O monte está repobado de P. pinaster.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " CARRACEDO E RIOSECO ", veciños dos lugares de Francos, Currás, Pedredo e Luxilde, parroquia de Bretoña, concello da PASTORIZA - Rexistrados o 30-07-1997 co número 0575.

2.—Que, así mesmo, figura Don JOSÉ GASALLA CABODEVILA, e Don MANUEL ÁLVAREZ GARCÍA, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~donde~~ elixida o 23-05-1997

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 16 de outubro de 1998.



Don MANUEL ÁLVAREZ GARCÍA, Secretario de a Comunidade de Franco, Currás, Pedredo e Luxilde, termo municipal de Pastoriza.

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 24 de Setembro de 1.998 estando designado Don JOSE GASALLA CABODEVILA, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Bretoña (Pastoriza) a dezanove de Outubro de mil novecentos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

José Gasalla
PRESIDENTE,

O _____

Asdo. : José Gasalla Cabodevila.

Asdo. : Manuel Alvarez Garcia.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

José Gasalla

Asdº.: José Gasalla Cabodevila.



O CONSELLEIRO
P.D. (ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL

Asdo. José Luis Abal García - Tuñón

Pola Consellería de Medio Ambiente,

O CONSELLEIRO

D. José Gasalla Cabodevila
D. Manuel Álvarez García
D. Ramiro Alvite Pena
D. José María Fernández
Dña. Mariann López y López.

En la parroquia de Bretoña, término municipal de Pastoriza, siendo las trece horas del día 20 de Octubre de 1.998, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Franco, Currás, Pedredo y Lugilde, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la citada Comunidad, en Asamblea General celebrada el 24 del pasado mes de Septiembre, acuerdan a su vez:

1ª.- Aprobar las Bases de un Convenio a suscribir con la Consellería de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia, que afecte a las 69 Hás. del monte en mano común de su pertenencia, actualmente incluidas en el "CARRACEDO Y RIOSECO", consorciado por el Ayuntamiento de Pastoriza con el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las características del monte a conveniar, serán:

Nombre: "CARRACEDO E RIOSECO".

Superficie: 69 Hás.

Límites:

N.- Término municipal de Mondoñedo;

E.- Término municipal de Mondoñedo y carretera de Mondoñedo a Bretoña;

S.- Más monte de la Comunidad de Bretoña y

O.- Monte "COTO DAS LOUSEIRAS DE XEMIL", 2715537.

2ª.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "CARRACEDO Y RIOSECO".

3ª.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Manuel Alvite Pena *Ramiro Alvite Pena*
José María Fernández *José Gasalla Cabodevila* *Mariann López y López*